



Programación cultural

# Oleiros

febreiro • abril 2022



**Concello de  
Oleiros**

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

## IX CICLO DE MÚSICA VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO

**Sábado 5 de febreiro** ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)


**Concerto:**

**dani**

**Procedencia:** Galicia

**Público:** todos os públicos

**Sinopse:** Hai xa un ano que dani irrompeu no panorama musical co seu álbum de debut "Veinte" (El Volcán Música, 2020). Un álbum que transita polas sendas máis aveludadas e intimistas do pop contemporáneo, traducindo as súas vivencias en formas sonoras cheas de sensibilidade e emoción, con letras que van directamente ao corazón. Tras este hipnótico debut, producido por Aaron Rux, agora esta viguesa de 23 de anos volve actualizar as nosas bibliotecas musicais co seu esperado novo single "Me da igual". Xunto a Rux, un novo medio tempo de electrónica fascinante no que explora os desgustos dunha ruptura.



**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

## IX CICLO DE MÚSICA VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVIERNO

**Sábado 12 de febreiro** ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

**Concerto:**

# Raquel Capote



**Procedencia:** Cuba

**Elenco:** Raquel Capote (voz e dirección artística), Dinorah Valdés (violín), Ángel Martínez (piano), Ricardo Quevedo Martínez (baixo), Amaury Quintero (percusión) e Armando Martén (danza)

**Invitados:** Celia Pía (piano), Rogelio Acosta (guitarra) e Fer Ruiz (guitarra)

**Público:** todos os públicos

**Sinopse:** O concerto de Grazas á Vida está especialmente dedicado aos nosos maiores. Inspírase neles e celebra así o inmenso valor da veteranía a través da vitalidade e perdurabilidade da música.

Grandes boleros e sons, que formaron parte do escenario sentimental de tantas vidas, que confirman as súas identidades, que evocan a súa xuventude, porque lembrar é vivir. Outras cancións, fermosas, menos coñecidas fóra de Cuba e que merecen viaxar ata hoxe e ser unha ofrenda, polo seu inmenso valor.

E se o “SON” dunha época é a voz da alma dos seus propios compositores, quero subliñar que neste concerto os autores das cancións son “os maiores da música cubana”.

Escollín un fermoso repertorio que distingue a Isolina Carrillo, Sindo Garay, Miguel Matamoros, María Teresa Vera, Violeta Parra, Osvaldo Farrés, Adalberto Álvarez, entre outros.

Unha vez máis, na escena “Son al Son”, música e baile van da man, desde o mesmo sabor, no mesmo salón, na mesma estampa de rúa, coa mesma suor de mel, canela, ron; no mesmo pulso da vida ao que necesitamos dar as grazas.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Venres 18 de febreiro** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)



**Compañía Elahood:**

**NÓ**

**Procedencia:** Galicia

**Dirección:** Julia Laport, Sabela Domínguez e Kerick Sandy MBE

**Coreografía:** Julia Laport, Sabela Domínguez e Aina Lanás

**Interpretación:** Julia Laport e Sabela Domínguez

**Espazo sonoro:** LLXNTO e Bruno Baw

**Deseño de iluminación:** Afonso Castro

**Escenografía e atrezzo:** Anahí Taraburelli

**Grabación e edición de vídeo:** Iria Casal

**Produción:** Elahood e Sabela Ramos

**Asistencia de produción:** Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea

**Público:** Todos os públicos

*Unha co-produción entre o Coreográfico Galego | Agadic e Elahood*  
Co apoio do Concello de Oleiros e a Asociación Cultural Manicómicos

**Sinopse:** NÓ e unha proposta de danzas urbanas que lanza unha mensaxe contraditoria e anima o público a descifrala. Mentres a compañía afirma “non ter nada importante que dicir”, na súa peza vense mensaxes rotundas que atenden ás necesidades e carencias da situación socio-económica actual. A precariedade laboral, a identidade de xénero ou as novas tecnoloxías, son algunhas das temáticas polas que transita a peza, unha dramaturxia que se achega aos discursos que ocupan o debate actual, anticipando unha ruptura cunhas formas de facer preestablecidas.

A compañía continúa a súa aposta particular por unha linguaxe visual e coadada, que neste espectáculo abraza a presenza do texto, a voz e a ironía.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

## IX CICLO DE MÚSICA VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO

**Sábado 19 de febreiro** ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

**Concerto:**

# MJPerez

**Procedencia:** Galicia

**Elenco:** MJ Pérez (guitarra e voz) e Iván Bernárdez (guitarra)

**Público:** todos os públicos

**Sinopse:** MJ Pérez presenta o seu último disco "A Luz Prendida", un álbum que bebe da esencia da canción de autor mais que fusiona músicas do mundo coa incorporación de ritmos latinos e tamén un toque de pop-rock. Neste concerto, formato dúo, podemos ver a versión máis próxima ao público deste novo disco e tamén unha pequena viaxe polas cancións máis recoñecidas desta cantautora arzuá.



**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

## IX CICLO DE MÚSICA VOCES CÁLIDAS PARA NOITES DE INVERNO

**Sábado 26 de febreiro ás 20:30 horas**

Auditorio da Fábrica (Perillo)

**Concerto:**

**Tulsa**

**Procedencia:** España

**Público:** todos os públicos



**Sinopse:** Baixo o nome de **TULSA** escóndese o universo de **Miren Iza**, unha guipuscoana (Irún, 1979) que comezou a dar os seus primeiros pasos no mundo da música co grupo **Electrobikinis**. Punk-rock e surf cantado en inglés. Electrobikinis sepáranse en 2002 e é entón cando Miren Iza, comeza a escribir cancións en castelán, narracións emocionais con regusto folk rock americano.

O seu primeiro disco longo "Sólo me has rozado" foi editado no 2007. En 2010 édítase o seu segundo álbum, "Espera la pálida" (Subterfuge), no que continúa a exploración do son "americana" e leva o grupo, naqueles tempos integrado por 6 músicos a facer unha xira extensa, durante os dous seguintes anos, por toda España, e recalando puntualmente en Arxentina e Nova York. En 2011 Miren trasládase a vivir a Nova York, onde continúa escribindo cancións e facendo concertos. Antes de volveirse definitivamente a España embárcase nunha xira por EEUU mesturando por primeira vez o son acústico coa electrónica.

En 2015 edita o álbum "La Calma chicha" e en 2016 grava a banda sonora da película de Jonás Trueba "Los Exiliados Románticos" e que se edita baixo o mesmo nome. Realizan una xira conxunta de proxección da película e concerto da banda por varios lugares de España.

En 2017 grava e edita "Centauros" e en 2021 edita 'Ese Éxtasis', o seu último álbum de estudio.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 5 de marzo** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**Ibuprofeno teatro:**

# Smoke on the water

**Autoría:** Santiago Cortegoso

**Dirección:** Santiago Cortegoso

**Elenco:** Josito Porto, Belén Constenla,  
Adrián Ríos, María Costas e Mon Orencio

**Xénero:** teatro / contemporáneo

**Duración:** 85 min

**Público:** adulto



**Sinopse:** Traxicomedias sórdida con música en directo.

Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

Ritchie (Blackmore) vive ancorado no Rock and roll dos 70, ten unha tenda de discos e vinilos de colección. Janis (Joplin) xa hai anos que non canta, estuda filosofía na universidade. A súa unión sobrevive despois de case 25 anos de crise matrimonial permanente, formando un círculo vicioso enfermizo, un sistema de relacións de dependencia imposible de desenlear. Este "status quo" absurdo, en continua combustión, vese ameazado pola aparición de Álex, un gigoló de ideoloxía vandálica e transgresora que se namora perdidamente de Janis, ao tempo que establece unha fonda amizade con Ritchie.

A intervención de Joan Baez, empregada de banca que xestiona a hipoteca de Ritchie, clienta de Álex, propicia un final pateticamente feliz ao enredo amoroso-financeiro entre este grupo de seres humanos fracasados, torpes, perdedores, frustrados, desgastados e maltratados pola vida, que provocan tenrura e compaixón.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 12 de marzo** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**A incendiaria / A quinta do cuadrante:**

# A lúa encuberta

**Dramaturxia:** Vanesa Sotelo

**Dirección:** Tito Asorey

**Elenco:** Davide González, Melania Cruz,  
Tito Asorey e Vanesa Sotelo

**Xénero:** teatro / contemporáneo

**Duración:** 75 min

**Público:** adulto

**Sinopse:** Na procura dunha verdade oculta, a mestura de tempos e a combinación de realidade e ficción permiten identificar o descoñecemento programado da nosa historia máis recente e a consecuente falta de conciencia da identidade nacional galega.

A lúa vai encuberta é un espectáculo arredor da realidade galega e da loita incesante por conformar unha identidade propia, confrontándonos co noso pasado recente e as súas contradicións, desvelando un discurso que hoxe en día está sendo, senón ocultado, silenciado e que explica, en certa maneira, as razóns de por que hoxe en día o noso país ten os trazos políticos, sociais e económicos que o caracterizan.

Incendiaria e A Quinta do Cuadrante lévanos a escena o texto de Manuel María como unha fonte esencial para, a través dela, entender as diferentes formas sociais e políticas que nos conformaron como país e, polo tanto, como persoas que o habitamos.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 19 de marzo** ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**A Panadaría:**

# As que limpan

**Autoría:** Areta Bolado, Noelia Castro,  
Ailén Kendelman e Paula Carballeira

**Dirección:** A Panadaría

**Elenco:** Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

**Xénero:** teatro / comedia

**Duración:** 75 min

**Público:** adulto

**Sinopse:** Un cartel pendurado no manubrio da habitación. “Por favor, arranxe o cuarto”. Ao regreso da praia, as camas feitas, as toallas limpas e o baño impoluto. Son As que limpan, as invisibles que carretan ao lombo un sistema turístico precario. As que limpan, fala da loita organizada das camareiras de piso dos hoteis por acadar uns dereitos laborais e sociais xustos. Fronte a elas, a avaricia voraz dos propietarios das cadeas hoteleiras. Hai quen nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes.



**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 26 de marzo** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**FarandOleiras Cabaré:**

## Olimpo's

**Dirección:** Clara Gayo

**Elenco:** Antonio Doldán, Elsa Parada, Estela Naranjo, Esther Patiño, Isa Currais, Lara Valcuende, Marisol Cancio, Noa Vedia, Paula Galego, Saleta Vázquez e Yolanda Zapata

**Xénero:** teatro / cabaré

**Duración:** 65 min

**Público:** adulto

**Sinopse:** O grupo de teatro amador FarandOleiras Cabaré, recupera un espectáculo "divino". Como é xa tradicional en todos os seus espectáculos, a compañía segue fiel á súa proposta de teatro cabaré, onde combinan pequenas escenas de teatro con números musicais, sempre desde unha perspectiva crítica e actual. Desta volta, FarandOleiras sobe ás alturas para amosarnos como viven e pensan as deusas e deuses dun hipotético (e bastante galego) Olimpo e como inflúe a súa presenza nos pobres mortais. Neste Olimpo farandoleiro, tamén se fan enquisas de igualdade, tamén hai teito de cristal e... Ata hai secesionismo galego!



**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 2 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**Teatro do Noroeste:**

# Último verán en Santa Cristina


**Autoría:** Eduardo Alonso

**Dirección:** Eduardo Alonso

**Elenco:** Xavier Estévez, Maxo Barjas,  
Miguel Pernas, Manuela Varela e Luma Gómez

**Xénero:** teatro/drama

**Duración:** 100 min • **Público:** adulto



**Sinopse:** "Último verán en Santa Cristina", conta o acontecido a un rapaz de 12 anos que, no ano 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e, na lectura destas cartas, rememora o acontecido aquel verán. Como ademais é fillo de militar, o rapaz vive especialmente os acontecementos da sociedade franquista da época: os desfiles na praza da cidade que coinciden coa estancia de Franco no Pazo de Meirás, a poucos quilómetros de onde el veranea. Entre os seus propios recordos, moi escorados nas lembranzas relacionadas co seu paso de neno a adulto, e as cartas agora coñecidas vai descubrindo a relación da súa propia nai, a muller do militar, cun antigo amigo da xuventude, agora fuxido e enrolado na última partida de guerrilleiros antifranquistas que aínda fica activa en Galicia nese ano de 1960. Para o protagonista, agora un adulto, a lectura das cartas e os recordos non moi precisos que aínda conserva daqueles anos, dos que pasaron xa máis de trinta, vanlle descubrindo as relacións triangulares da súa nai, o seu pai e o partisano que, inevitablemente, rematarán en traxedia.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).



**Sábado 9 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**Pérez&Fernández:**

# Os nenos da varíola

**Autoría:** María Solar

**Dirección:** Victoria Pérez- Xosé Leis

**Elenco:** Isa Risco, Victoria Pérez,  
Manu Fernández e Xosé Leis

**Xénero:** Teatro/Drama

**Duración:** 60 min

**Público:** Adulto

**Sinopse:** 30 de novembro de 1803: "A Real Expedición Filantrópica da Vacina" parte desde o porto da Coruña. Vinte e dous nenos procedentes de orfanatos de Madrid, Santiago e A Coruña conforman unha cadea humana "brazo a brazo" para facer chegar a vacina contra a varíola aos territorios de ultramar, nunha das maiores xestas médicas levadas a cabo na historia da humanidade.

Pérez&Fernández en Coprodución co Centro Dramático Galego presenta a adaptación á escena da novela de María Solar "Os Nenos da Varíola". Unha peza teatral con altas doses de realidade histórica, tenrura e humor que toma como eixe central a vida dos nenos da Casa de Expósitos da Coruña e como chegaron a ser os heroes da Real Expedición Filantrópica da Vacina, na que a súa heroína máis esquecida converteuse nun dos piares máis importantes da expedición, a reitora da Casa dos Expósitos, Isabel Zendal.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**MÚSICA. Festival Elas son Artistas.**  
**5º Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade**

**Sábado 23 de abril** ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

**Concerto:**

**EDE**

**Procedencia:** Madrid

**Destinatarios/as:** todos os públicos



**Sinopse:** Ede, artista multidisciplinar. Ede é unha artista madrileña de 23 anos que, a pesar de dar os seus primeiros pasos como compositora e intérprete de cancións, leva toda a súa vida formándose en diversos campos das artes escénicas.

Tras o lanzamento do seu primeiro EP acústico «Tranquila», gravado en directo en Estudio Uno coa produción de Juanma Latorre, Ede presenta o seu primeiro disco, que se publica integramente en 2022.

Transcendendo o formato máis acústico, íntimo e sinxelo do seu primeiro traballo, con este novo disco Ede perfila a súa identidade sonora e artística. Esta identidade, máis madura e rica en influencias que van desde o indie ao folclore, pasando polo r&b e o neosoul, complementa e potencia o imaxinario que a artista xera coas súas letras e voz, que son a súa marca.

Non é pouca a expectación que hai arredor deste primeiro álbum de estudo da artista, pois xa co seu primeiro EP conseguiu comezar a abrirse paso na escena musical nacional, colaborando con artistas como Ismael Serrano, Club Del Río ou Xoel López, con quen traballou man a man na xira do seu último disco como parte da súa banda.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Venres 29 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

**Nova Galega de Danza:**

## Leira

**Dirección Artística:** Jaime Pablo Díaz

**Música:** Sergio Moure de Oteyza

**Coreografía:** Ikes Gómez

**Voz e música en vivo:** Rosa Cedrón

**Bailaríns:** Estefanía Gómez, Inés Vieites Veiras,  
Iván Villar, César Louzán, Pablo Sánchez, Ricardi Fernández

**Xénero:** danza / contemporánea

**Duración:** 60 min

**Público:** adulto

**Sinopse:** O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza e música que nos transporta á dura beleza dos labores do campo. A muller no centro desta conexión telúrica; día e noite, xornada tras xornada repetida nunha sucesión inesgotable de estacións. O sol e a choiva, o vento xead, crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, de corpos que cargan e arrastran, que danzan entre os sucros arados na terra. Pero Leira é tamén a sinxela alegría do traballo feito coas mans, coa valentía do corpo a corpo. A celebración dunha Galicia intemporal e máxica.

**Prezo: 5,00 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

**Sábado 30 de abril** ás 20:30 horas  
Auditorio da Fábrica (Perillo)

**Bea a de Estrella:**

# Mareira



**Procedencia:** Galicia

**Elenco:** Bea a de Estrella (guitarra española e acústica), Carlos Freire (batería e percusión), Jose Manuel Díaz (contrabaixo e baixo eléctrico), Alejandro Vargas e Hadrian Rivas (piano e teclado), Rafa Sánchez Agustino (guitarra acústica e eléctrica) e Emilia Arija (voz)

**Destinatarios/as:** todos os públicos

**Sinopse:** Mareira é un traballo multidisciplinar, mésturanse diferentes formas de expresións artísticas arredor da música e da emoción. Este traballo conta coa colaboración de Pablo Milanés cantando Mareira, Rosa Aneiros relatando a vida e historia dun dos temas e Yolanda Castaño na parte poética; Mü Mbanda traerá o mundo sonoro africano, Jairo Iglesias realizará o vídeo clip. Mareira faise posible grazas ao éxito da campaña de micromecenado, a través da plataforma verkami, e a achega de máis de dúascentas persoas que xa son parte de Mareira.

Propoñemos unha presentación multidisciplinar con distintas intervencións, poéticas e narrativas, contando coas persoas que colaboran no disco. Neste formato de presentación irá incluído tamén o vídeo clip. Haberá tamén unha intervención artística dialogando a través da pintura e un diálogo coa expresión corporal e danza nun dos temas. Bea a de Estrella, cantautora de sentimentos e emocións propón unha viaxe musical, a súa voz cargada de forza e variedade de rexistros que propoñen un universo onde o público queira profundar. Son cubano, jazz, blues, pop e a fusión do son máis tradicional con outros estilos e letras líricas moi persoais, forman parte da súa estética.

**Prezo: 3,50 €** (as entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala).

- Por mor das indicacións e medidas de seguridade e hixiene fronte á COVID-19, todos os espectáculos terán capacidade limitada e será obrigatorio asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.
- Prégase puntualidade.
- Por respecto, tanto aos e ás artistas como ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala se refire en función da situación da normativa legal vixente e da situación epidemiolóxica.



## Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

AGADIC



Axencia Galega das  
Industrias Culturais

ELAS  
SON  
ARTISTAS

